

ANUNCIO polo que se somete ao trámite de Información Pública a solicitude de concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no Lago das Pontes, concello das Pontes, A Coruña AC/13/176

En cumprimento do disposto no artigo 109 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, Augas de Galicia somete ao trámite de información pública a documentación técnica achegada polo peticionario no concurso de clave AC/13/176 que se menciona no anexo, aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e que poderán presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo de **20 días hábiles**, que comezará a computarse a partir da data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

Para os expresados efectos, estará dispoñible unha copia da petición e un exemplar da documentación técnica achegada para que poidan ser examinados nas dependencias administrativas de Augas de Galicia, sitas na rúa Tomiño, 16, baixo, 15703 Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para o que deberá solicitar cita previa en calquera dos teléfonos seguintes: 981 543 961, 981 545 345 ou 981 545 476, así como nas dependencias do Concello das Pontes e na páxina web deste organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal> (na sección denominada Participación Pública).

Santiago de Compostela (documento asinado dixitalmente)

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez



ANEXO

Peticionario:	Amadorio Energía, SL
Concello afectado:	As Pontes de García Rodríguez
Provincia:	A Coruña
Denominación:	Central Hidroeléctrica Reversible As Pontes
Masa de auga afectada:	Lago das Pontes (ES.014.MR.101.038.05.00)
Obxecto:	Producción de enerxía eléctrica
Tipo:	Central hidroeléctrica reversible
Caudal de captación máximo solicitado (m³/s):	169,26
Salto bruto máximo (m)	228,80
Tipo de central:	Subterránea
Enerxía almacenada (GWh):	3,907
Número de unidades bomba-turbina:	4
Tipoloxía bomba-turbina:	Francis de eixo vertical reversible
Potencia máxima ciclo de turbinado (MW):	250,00
Potencia máxima ciclo de bombeo (MW):	250,00
Caudal total turbinado (m³/s):	154,76 (4 x 38,69)
Caudal total bombeado (m³/s)	108,36 (4 x 27,09)
Prazo de execución previsto (anos):	4
Orzamento de execución material (€):	221.652.766,38

* Afeccións:

Non se efectuou solicitude de declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico aos efectos de expropiación forzosa nin a imposición de servidumes.

